



**CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA CURSOS E/OU
TALLERES DAS ASOCIACIONS DE VECIÑOS DO
CONCELLO DE CANGAS
Ano 2022.**

BASES DA CONVOCATORIA

PRIMEIRA. OBXECTO:

O Concello de Cangas establece unha convocatoria de subvencións para o ano 2022 co fin de cofinanciar cursos e talleres das asociacións de veciños, por levar a cabo actividades públicas de interese local e que promoven a participación vecinal.

Serán subvencionadas por estas bases, aquelas que teñan como obxectivos:

1º.- Actividades dirixidas a persoas maiores (talleres de memoria, lectura, fomento o desenvolvemento persoal, entendemento das novas tecnoloxías, actividades de índole interxeracional, etc.).

2º.- Actividades que incidan na boa saúde, hábitos saudables, e calidade de vida (ximnasia, pilates, ...).

3º.- Actividades que favorezan a participación veciñal coa natureza, o medioambiente, a biodiversidade, a reciclaxe, a economía do ben común, a sustentabilidade...

Segundo os principios de igualdade e non discriminación, de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, eficacia e eficiencia, establecidos no artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

As iniciativas poden ser presentadas por unha única Asociación de veciños ou, de forma conxunta por varias asociacións de veciños da mesma parroquia.

SEGUNDA. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

Teñen acceso á convocatoria as asociacións veciñais que reúnan os seguintes requisitos:

1. Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cangas.



2. Atoparse ao corrente da súa obrigaón fiscal coa Facenda Local, a Axencia Tributaria e a Seguridade Social.

TERCEIRA. MODALIDADES

A. Cursos.

Entendendo por Curso a unidade básica de traballo docente realizado durante un período de tempo establecido.

B. Talleres.

Entendendo por Taller o traballo que realiza un grupo de persoas, de forma cooperativa, para aprender xuntos. Integra a teoría e a práctica.

CUARTA. EXCLUSIÓNS.

1. Quedan expresamente excluídas desta convocatoria as actividades recreativas que sexan un fin en si mesmas e non un complemento dun curso e/ou taller.
2. Cando un curso e/ou taller conteña actividades recreativas como complemento da súa realización, o custo das mesmas non poderá exceder de 1/3 do custo total do curso e/ou taller.
3. Quedan expresamente excluídas desta convocatoria os cursos e/ou talleres solicitados, sempre que, foran ofertados directamente polo concello en dita Parroquia ou Aldea.

QUINTA. IMPORTE E ABONO DA SUBVENCIÓN:

O crédito total para esta convocatoria de subvencións é de 10.000 euros.

A contía máxima a subvencionar dependerá dos obxectivos do curso ou taller a levar a cabo, sendo:

1º.- Actividades dirixidas a persoas maiores: A contía máxima da subvención 500 € por curso ou taller.

2º.- Actividades que incidan na boa saúde: A contía máxima da subvención será de 500 € por curso ou taller.

3º.- Actividades medioambientais: A contía máxima da subvención será de 500 € si se trata dun curso de formación ou material de



impresión, e será de 1.000 € si o taller repercute directamente no coidado, coñecemento e posta en valor dun ámbito a protexer.

Tal e como se indica na base oitava destas convocatoria .

Existe consignación orzamentaria suficiente con cargo a aplicación orzamentaria 912/480, do orzamento municipal para o exercicio 2022.

O importe da subvención outorgada poderá alcanzar o 100% do custo total previsto de realización da actividade subvencionada.

No caso de concorrencia de subvencións, a suma dos importes das axudas concedidas non poderá ser superior ao custo total do curso ou taller.

Tramitaranse por riguroso orde de entrada e concederanse as subvencións ata o remate de crédito. Todas aquelas que non teñan crédito consideraranse denegadas.

Será subvencionable o/os curso/s e/ou taller/es por Asociación de Veciños realizados durante todo o exercicio 2022. No caso de crédito sobranse ou de non chegar a contía máxima na súa solicitude podrá concederse ata un máximo de tres propostas por Asociación.

O pago do importe concedido efectuarase a cada Asociación de veciños seleccionada unha vez que os gastos sexan xustificadas.

SEXTA. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1. As asociacións e entidades interesadas poderán dirixir as súas peticións ao Excmá. Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Cangas, a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. O prazo de presentación de solicitudes será a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P.).



3. Prazo de execución dos CURSOS e/ou TALLERES presentados. Durante o 2022(como máximo 30/11/2022) , sen esperar a que a concesión da axuda prodúzase e sen que iso prexulgue a decisión que finalmente se adopte.
4. A finalización da execución producirase como máximo ata o 30 de novembro de 2022. E xustificarse como data límite o 10 de decembro do 2022.

A mera presentación de solicitude de subvención nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases, e o compromiso da Entidade solicitante de cumprir as obrigacións e deberes que se desprenden das mesmas.

SÉTIMA. DOCUMENTACIÓN NECESARIA

1.- Solicitude, debidamente cumprimentada e asinada polo representante da entidade, suxeita de forma obrigatoria ao modelo establecido no Anexo I.

2.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

Unha ficha-modelo, para cada curso e /ou taller, debidamente cumprimentada e asinada, suxeita de forma obrigatoria ao modelo establecido no Anexo II.

Documentación que acredite a personalidade xurídica da Asociación; en concreto, inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións.

Declaración xurada de atoparse ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Facenda Local, a Axencia Tributaria e a Seguridade Social. Así como non ser debedor por reintegro de subvencións e da súa OBRIGACIÓN DE XUSTIFICAR as SUBVENCIÓNS outorgadas polo Concello de Cangas.

Comunicación de solicitude ou non , durante este ano, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que concorran ao financiamento destes mesmos fins durante este ano. Entenderase que a suma das achegas recibidas non poderá superar o total do gasto orzamentado.



Declaración responsable, suxeita de forma obrigatoria ao modelo establecido no Anexo III.

Calquera documento que a Asociación estime que contribúe a transmitir mellor os obxectivos do curso e/ou taller, a súa repercusión ou a importancia da súa realización.

3. De acordo co que dispón o artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas non requirirán aos interesados datos ou documentos que fosen achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración.

Para estes efectos, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos...Excepcionalmente se as Administracións Públicas non puidesen solicitar os citados documentos, poderán solicitar novamente ao interesado a súa achega.

4. Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo das mesmas polas Comisión de Valoración nomeada para elo. As solicitudes que deban emendar algunha documentación, requiríndose ao interesado para que no prazo de dez días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, realicen a súa achega. Coa indicación de que se así non o fixeren, teráselles por desistidos da súa petición, previa resolución, que será ditada nos termos do artigo 68 en relación co artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.O Concello de Cangas, no proceso de valoración dos cursos e/ou talleres presentados, poderá solicitar a información complementaria, os datos e as acreditacións necesarias.

OITAVA. CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN.

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concurrencia non competitiva polo que a súa concesión realizarase mediante a orde estricta de recepción das solicitudes presentadas correctamente e a valoración por parte do comité designado, do cumprimento dos criterios indicados nas presentes bases, tendo sempre coma límite a dispoñibilidade orzamentaria mencionada na base QUINTA.



Conceptos subvencionables e contía máxima a subvencionar dependerá dos obxectivos do curso ou taller a levar a cabo, sendo:

1º.- Actividades dirixidas a persoas maiores: Dentro desta liña, considéranse gastos subvencionables os derivados da realización dos cursos ou talleres, tales como; monitores, material..etc A contía máxima da subvención será de 500 € por curso ou taller.

2º.- Actividades que incidan na boa saúde: considéranse gastos subvencionables os derivados da realización dos cursos ou talleres, tales como; monitores, material, compra de alimentos..etc A contía máxima da subvención será de 500 € por curso ou taller.

3º.- Actividades medioambientais: Dentro desta liña, considéranse gastos subvencionables os derivados da realización dos cursos ou talleres, tales como; monitores, material (aluguer de ferramenta, compra de sementes ou plantas, ..etc). A contía máxima da subvención será de 500 € si se trata dun curso de formación ou material de impresión, e será de 1.000 € si o taller repercute directamente no coidado, coñecemento e posta en valor dun ámbito a protexer. (exemplo, retirada de invasoras, colocación de QR en especies a recoñecer...etc)

Con carácter xeral, os cursos e/ou talleres teñen que axustarse ao máximo ás prioridades marcadas nestas bases e valorarase de maneira especial o seu carácter innovador, así como, a promoción real da participación.

Comisión de Valoración coa seguinte composición:

- Presidente: A Alcaldesa-Presidenta ou persoa en quen delegue.

- Vogais:

1º.-Técnico que se designe como supervisor e control da totalidade das solicitudes.

2º.- En función do obxectivo da solicitude, segundo a base 1ª:

a) Actividade dirixida a persoas maiores, ou actividade interxeracional: técnico da Concellaría de Servizos Sociais, Feminismo, Igualdade e Sanidade.

b) Actividade que incida na boa saúde: Técnico de Prevención



- c) Actividade que favoreza o coidado da nosa contorna :
Técnico de Medioambiente

3º.- Secretaria: Actuará como Secretaria, sen voto, a secretaria xeral do Concello de Cangas ou persoa en quen delegue.

A Comisión de Valoración avaliará as solicitudes presentadas, e poderá solicitar apoio de calquer outro técnico que consideren necesario para a valoración e criterios. Aqueles aspectos, dúbidas ou incidencias que non queden desenvolvidos de maneira explícita nestas bases, serán resoltos pola Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración realizará o procedemento de avaliación de cada curso ou taller segundo a documentación achegada e determinará a contía económica correspondente a cada entidade solicitante. A subvención pode acadar o 100% do custo do curso, sempre dentro do límite máximo subvencionable por actividade.

A Comisión de Valoración elaborará e presentará a proposta de resolución debidamente motivada e a elevará como proposta de acordo a Xunta de Goberno Local e será notificada ás Entidades.

NOVENA. NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN A notificación da resolución de concesión das subvencións farase de acordo ao establecido no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

DÉCIMA. XUSTIFICACIÓN

1. A xustificación da cantidade concedida á Asociación veciñal, poderase realizar desde o momento que se efectuou o gasto subvencionado e, en todo caso, ata o día 10 DE DECEMBRO DE 2022 inclusive, presentando as facturas orixinais polos conceptos e importe da subvención, así como o xustificante acreditativo do pago das facturas.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente ao período subvencionable, obxecto da presente convocatoria polo que se contarán os gastos realizados e efectivamente pagados entre o 01/01/2022 e o 30/11/2022.



UNDÉCIMA. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

1. Calquera modificación esencial no curso e/ou taller comunicarase e debe ser autorizada polo Concello.

2. Así mesmo, cando a asociación veciñal dispoña de medios divulgativos propios ou ao seu alcance (editoriais e doutra índole) adquirirá o compromiso de facer a divulgación oportuna da realización do curso ou taller e a colaboración do Concello.

1. A Asociación veciñal debe incluír en toda a publicidade, folletos referentes á iniciativa subvencionada, o logo do Concello de Cangas , precedido do texto "...co cofinanciamento do Concello de Cangas".

4. O Concello de Cangas poderá facer auditorias ou outras comprobacións ao amparo destas bases ás asociacións veciñais que recibisen subvención

6. A asociación veciñal ten a obrigaón de devolver a subvención concedida polo Concello nos casos seguintes:

a. Se non é posible desenvolver o curso e/ou taller, a asociación deberá reintegrar a cantidade que non se gastou e xustificar a realmente empregada na realización da iniciativa.

b. Ao finalizar o prazo de xustificación que establecen estas bases, sen xustificar o curso e/ou taller.

c. Por incumprir ou contravir algunha destas bases.

d. Por destinar os fondos subvencionados a outras finalidades diferentes das que motivaron a concesión.

DÚODÉCIMA. INCUMPRIMENTO, REINTEGRO E SANCIÓN

1. O incumprimento por causas imputables ao beneficiario das obrigaóns impostas como unha consecuencia da concesión das subvencións, así como o falseamento, a inexactitude ou a omisión dos datos fornecidos que servisen para a concesión da subvención, comportará a perda total ou parcial desta e, se procedese, o correspondente reintegro da mesma, co abono dos intereses de demora pertinentes, segundo está previsto na lexislación vixente.

2. Son infraccións administrativas as que establece a Lei 38/2003, Lei xeral de subvencións.



Concello de Cangas

DÉCIMO TERCEIRA. NORMAS DE APLICACIÓN

En todo aquilo que non estea previsto nestas bases, rexerá o que dispoñan os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, o R.D. 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei e demais disposicións legais que sexan de aplicación.

En Cangas, a 1 de setembro de 2022



Concello de Cangas



Concello de Cangas

ANEXO I. SOLICITUDE

CONVOCATORIA de SUBVENCÍONS PARA CURSOS E/OU TALLERES DAS ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS

ENTIDADE SOLICITANTE

NOME:	TLF.
DOMICILIO:	CIF:
EMAIL:	N.º SOCIOS:

CURSOS OU TALLERES PARA OS QUE SOLICITA SUBVENCIÓN

PRIORIDADE	CURSO OU TALLER	IMPORTE TOTAL	APORTACIÓN ENTIDADE	OUTRAS SUBVENCÍONS SOLICITADAS	SUBVENCIÓN SOLICITADA
1º					
2º					
3º					

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

D/Dª
 en calidade de representante da entidade
 concorre a convocatoria efectuada polo Excmo. Concello de Cangas para a subvención para Cursos e/ou Talleres coas Asociacións Veciñais. , SOLICITA a V.I. lle sexa concedida a subvención a que se refire a presente solicitude, e CERTIFICA que os datos e documentos que se adxuntan axustanse a realidade.

- + Proxecto e Orzamento do programa para o que se solicita a subvención
- + Estar inscrita no Rexistro Municipal de Entidades.
- + Declaración de atoparte ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Facenda Local, a Axencia Tributaria e a Seguridade Social. Así como da súa OBRIGACIÓN DE XUSTIFICAR as SUBVENCÍONS outorgadas polo Concello de Cangas.
- + Comunicación de solicitude ou no , durante o presente exercicio, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que concorran ao financiamento destes mesmos fins durante este ano.



Concello de Cangas



Concello de Cangas

ANEXO II.
FICHA-MODELO PARA Os CURSOS E/Ou TALLERes.

Debe encherse unha ficha modelo para cada curso e/o taller que solicitou.
É obrigatorio encher todos os campos

1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN INICIATIVA

1.1.- TIPO DE INICIATIVA (marque só una das opcións).	
CURSO	TALLER
1.2.- NOME DO CURSO E/Ou TALLER. Indique o nome completo que o identifique.	
1.3.- OBXECTO(marque só una das opcións). Actividade dirixida a persoas maiores, ou actividade interxeracional Actividade que incida na boa saúde Actividade que favoreza o coidado da nosa contorna	
1.4. IMPORTE SOLICITADO PARA SUBVENCIONAR:	
1.5. N.º DE PARTICIPANTES NO CURSO OU TALLER:	
1.6. RECURSOS (técnicos, materiais e de infraestrutura, así como calquera outro recurso necesario para a correcta realización do curso e/o taller):	



2.- MEMORIA. Especifique, de forma esquemática, as características da iniciativa, motivando as razóns polas que se quere realizar e a situación que trata de paliar.



3.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E MECANISMOS DE FUNCIONAMENTO:	
Período de realización	
Lugar de Realización	
Horario	
Nº total de horas	
Nº de participantes	
Supervisor/a de a iniciativa	
OUTRAS OBSERVACIÓNS:	



4.- GASTOS. Concrete todos os gastos necesarios para desenvolver o curso e/o taller que se solicita (material, equipamento, honorarios do profesor/a, etc.)

5.- INGRESOS.

Concrete todos os ingresos necesarios para realizar o curso e/o taller (cotas de socios, pagos de matrícula, solicitudes de subvencións a OUTRAS ADMINISTRACIÓNs ou Institucións durante este ano).

PROCEDENCIA IMPORTE INGRESOS PROPIOS DA ENTIDADE :

Cotas de socios : €

Doazóns particulares: €

Outros (especificar): €

INGRESOS POR SUBVENCIONES PÚBLICAS:

Deputación Provincial de Pontevedra €

Xunta de Galicia €

Outras (especificar): €

INGRESOS POR SUBVENCIONES PRIVADAS:



Concello de Cangas

En Cangas do Morrazo a _____ de _____ de 2022

Asdo.
Representante da Asociación.

O asinante poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición que lle outorga a Lei Orgánica de Protección de Datos (Lei 15/1999 do 13 de decembro) solicitando ao Concello de Cangas por rexistro de entrada.



Concello de Cangas



Concello de Cangas

**ANEXO III
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D^a. _____, con D.N.I. nº _____,

en representación de _____,

con C.I.F. Nº _____, baixo a súa persoal responsabilidade,

DECLARA

Primeiro.- Que a súa representada non incorre en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2(1) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

Segundo.- Que a súa representada áchase ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social así como das súas obrigacións fiscais coa Facenda Local impostas polas disposicións vixentes, comprometéndose a xustificar mediante a achega dos documentos e certificados acreditativos, tan pronto sexa requirido para iso. Así como non ser debedor por reintegro de ausvencións e da súa OBRIGACIÓN DE XUSTIFICAR as SUBVENCIÓNS outorgadas polo Concello de Cangas.

A presente declaración fórmulase ao amparo do disposto no artigo 24 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, para dar cumprimento ao establecido no artigo 13 da Lei citada, artigo 18 e seguintes do Regulamento. E para que conste e forneza efectos nas Convocatorias de Subvencións realizadas polo Concello de Cangas e asina a presente declaración,

En Cangas do Morrazo a _____



(1) O citado artigo 3.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, sinala que non poderán ser beneficiarios de subvencións as persoas ou entidades en quen conorra algunha das circunstancias seguintes:

a. Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b. Solicitar a declaración de concurso voluntario, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c. Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

d. Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.

e. Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

f. Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g. Non acharse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

h. Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións conforme a esta ou outras Leis que así o establezan. i. Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo párrafo do apartado 3 do cando conorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j. As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que concorresen aquelas